

HELA. Higher Education Lecturing Accreditation

Proba de acreditación para a docencia en inglés do profesorado

O Plan de Internacionalización Lingüística (2013) da Universidade de Vigo establece que para impartir docencia nunha lingua estranxeira o profesorado deberá dispoñer dunha acreditación de idioma de nivel B2 ou superior.

HELA é unha proba específica elaborada pola Universidade de Vigo en colaboración co Centro de Linguas, que avalía se o profesorado que carece dunha acreditación oficial de idioma posúe as competencias lingüísticas necesarias para enfrontarse á docencia nunha lingua estranxeira con éxito. Valora o dominio da lingua, a fluidez, as habilidades comunicativas, a presentación oral e a capacidade de interacción co alumnado.

Estrutura da proba:

A proba consta de dúas partes: unha primeira parte escrita e unha parte oral. En ambas o candidato/a deberá contestar ou expoñer distintos exercicios vinculados á actividade docente, como por exemplo realizar unha presentación da materia, responder a un correo electrónico ou explicar un exame.

Convocatorias

HELA convócase a instancia dos centros que manifestan á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais a súa intención de que unha liña ou un grupo de materias se impartan en inglés.

Outros datos de interese

Para máis información contacte con centrodelinguas@fundacionvigo.es